

NORMAS PARA A PRESENTACIÓN DE ORIXINAIS

1) As comunicacións e pósteres remitiranse ao seguinte correo electrónico educacionenerxetica@gmail.com. Excepcionalmente, poderán enviarse, por correo postal, unha copia e disquete, ao enderezo:

II Congreso Internacional Educación, Enerxía e Desenvolvemento Sostible
Instituto de Ciencias da Educación
Avda. das Ciencias, s/n. Chalé nº 3
Campus Sur
15782 Santiago de Compostela

Na comunicación ou póster deberá figurar o nome completo dos autores, o enderezo, o correo electrónico e o seu lugar de traballo.

2) As comunicacións terán unha extensión máxima de 10 páxinas, incluíndo as táboas, as figuras e os anexos.

3) Recoméndase a confección dos orixinais cun procesador de textos (Macintosh e PC compatibles). É imprescindible indicar o programa de tratamento de textos utilizado.

4) A configuración de páxina axustarase ao seguinte: marxes superior e inferior, 2,5 cm., e marxes esquerda e dereita, 3 cm.

5) O título do traballo debe figurar en letra maiúscula, centrado e en negriña, e os epígrafes en letra minúscula e negriña.

6) A fonte a utilizar no texto será Arial 12, con interlineado sinxelo e separación de parágrafos 6/6.

7) Todas as citas bibliográficas relacionaranse ao final do traballo, por orde alfabética de apelidos, indicando: autor(es), ano, título da revista completo e en cursiva (ou subliñado), volume, número e páxinas do mesmo. Por exemplo:

NOVAK, J.D. (1977). An Alternative to Piagetian Psychology for Science and Mathematics Education. *Science Education*, 61(4), pp. 453-457.

No caso de referencias de libros, escribirase o título en cursiva (ou subliñado) e poñerase: o lugar de edición, dous puntos e a editorial. Por exemplo:

OSBORNE, R. y FREYBERG, P. (1991). *El aprendizaje de las ciencias. Implicaciones en la ciencia de los alumnos*. Madrid: Narcea ediciones.

Todas as referencias bibliográficas deben corresponder a mencións feitas no texto, e viceversa.

8) Dentro do texto, as referencias indicaranse sinalando, entre parénteses, os apelido(s) dos autores ou autoras e o ano de publicación, separados por unha coma. Por exemplo: [...] obstáculo epistemolóxico (Bachelard, 1938).

Cando o nome do autor apareza explicitamente no texto, porase o ano do traballo entre parénteses. Por exemplo: [...] segundo Bachelard (1938).